

Lobeira, Lobeira, +-1985

Informante: Xaquín Lorenzo Fernández

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth. **Edición:** Francisco Collantes



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICION DO TEXTO

DURACION 0:07:46

INCIPIIT: COSTUREIRA BONITA

Costureira bonita
Ti que fas polo vran
Eu sachando no millo
E ti coa agulla na man

- Esta é de por ahí. Esta paréceme que esta repetida...
- Si
- Esta de paxariños que alegres cantades. Si esta repetinlla eu aqui
- Non non
- Esta outra é de Verin:

0:00:36

Monterrei está nun alto
E Verin está nun baixo
Ai la la la la

E a santa Virxe da Estrela
Está nun campiño raso
Ai la la la la
Ai La la la...

- Que efectivamente é descritiva porque ocorre eso: Monterrei efectivamente ...
- Si si
- E de aquela comarca..é esta outra é unha cantiga de arada..
- Si
- É larga, eu non sei toda a letra pero en fin o que lle interesa a usted é a musica sobre todo

Eu xunguín os meus boiciños á miña vida
E fun con iles a arada vida da ialma
E no medio do camiño á miña vida
Remembróuseme a aguillada vida da ialma

Despois sigue (recita):

Eu atras volvin por ela, a miña vida
Topei a porta pechada, vida da ialma

- Despois non recordo como sigue pero ... a musica esta coa cadencia do... dos bois que van arando.

ID#614

- Y esto efectivamente era un canto de traballo que se cantaba arando...
- Ao arar, si
- ... non mais ben un unha especie de romance ?...
- Si, era longo
- Pero que se cantaba arando?
- A medida que iba arando iba cantando ao compás da marcha da arada pois iban cantando eso
- Esto debínlo de dar a usté cando lle dei o da Rufina. Non sei, si. E que a teño repetida:
Miña nai esperte...
- É que a teño repetida
-
- Pero aqui hai unhas moi interesantes porque desde logo son... aprendinas eu en Lobeira... Sendo moi neno oíaas cantar en Lobeira e aprendinas entón de maneira que, polo menos, polo menos son de comezos de século. Agora, hai unha cousa, hai que ter en conta que Lobeira é unha zona de contacto con Portugal e algunha destas cousas eu sei que has hai en Portugal, por exemplo a famosa esa da Ramboia

Ramboia miña, ramboia verde
Ramboia ó doce ben
Era o viño meu Deus era o viño
Era cousa que eu mais adoraba
So por morte, Deus, so por morte
So por morte eu o viño deixaba
Ramboia miña ramboia verde
Ramboia ó doce ben

Esto haino en Lobeira, ou habíao, e en Portugal

- E a ramboia, que é ?
- É o contrabando
- A ramboia é o contrabando? E que en varios sitios hai coplas...
- Na zona de Lobeira digamos, en toda a comarca aquela...
- Claro ahí hai todo eso, si...
- De pouco contrabando. Facían contrabando, digamos, por afición, porque total a ganancia que lle daba era traer pois uns quilos de café...pero era..
- Un deporte ...
- Era un deporte si. E hai unha serie de cantigas que fan referencia a eso:

Probes dos carabiñeiros
Que andan de noite a xiada
Mentras que pasa a ramboia
Camiño de Cortegada

Ole Olinda
A miña xoia
Vente connigo a pasear pola ramboia
O capitan dos guardiñas
Evos un gran ramboeiro
Deixa pasar a ramboia
Por onde os carabiñeiros
Olé Olinda...

ID#614

- Agora a ramboia converteuse tamen nunha cousa: convertiuse na ronda dos mozos. Os mozos, para ir a ronda, din que van de ramboia, ligando o contrabando, unha cousa nocturna, en grupos, co peligro de que outros mozos lle salgan ali ,.. os mozos da parroquia,... os mozos dunha parroquia se lian cos doutra ... Entón os mozos van de ramboia. (Recita:)

A porta do fiadeiro
Hai unha pedra redonda
Donde se sentan os mozos
Cando veñen de ramboia

- Ramboia é o contrabando e, por extensión, ronda dos mozos.
- Bueno, pero faláballe destas outras que son moi vellas pero que, xa digo, delas hai ou ela mesma ou en versións, en Portugal

Dame o peine i o escarpidor
Para peina-los rizos
Do meu doce amor

- Bueno ahi trabouseme un pouco a cousa ahi no medio...

Dame o peine i o escarpidor
Para peina-los rizos
Do meu doce amor

- Que, dende logo, é moi vella,
- Si
- O mesmo que esta:

Apagacheme a candela
Apagacheme a candela
Que tiña no velador
E agora vas a deitarte
E agora vas a deitarte
As escuras meu amor
E agora vai tu
E agora vai tu
A agora vai vai
Eu quixera e non podo
Ai ai ai

- Está ben

REMATA O CORTE 3A AS 0:07:50